



CIRCULAR XAR/2014, DO 21 DE MARZO, DA SECRETARÍA XERAL DO MAR, POLA QUE SE INFORMA SOBRE AS CONDICIÓNIS DE DESENVOLVEMENTO DO PLAN DE XESTIÓN PARA OS BUQUES DO CENSO DE OUTRAS ARTES DISTINTAS DO ARRASTRE E CERCO NO CALADOIRO NACIONAL DO CANTÁBRICO E NOROESTE.

A Orde AAA/417/2014, do 17 de marzo, pola que se modifica a Orde AAA/1307/2013, de 1 de xullo, pola que se establece un Plan de Xestión para os buques dos censos do Caladoiro Nacional do Cantábrico e Noroeste, ten por obxecto regular a pesqueira do caladoiro Cantábrico e Noroeste nas augas exteriores e distribuír as posibilidades de pesca que lle sexan asignadas a España dentro das divisións CIEM VIIIc e IXa, así como as posibilidades de pesca do xurelo para a modalidade de cerco na división CIEM VIIIb.

No apartado 4 do artigo 7 establece o “4. Control das cuotas da xarda e xurelo da modalidade doutras artes distintas do arrastre e cerco xestionadas de maneira global por provincias”.

A Federación Galega de Confrarías de Pescadores conxuntamente cas tres Federacións Provinciais de Confrarías e a Organización de Produtores Artesanais de Galicia (OPAGA) pactaron as condicións para o exercicio da pesqueira da xarda no Caladoiro Nacional do Cantábrico e Noroeste para este ano 2014, para os buques dos censos doutras artes distintas do arrastre e cerco con porto base en Galicia, establecendo uns topes de captura diarios por tripulante enrolado de 400 quilos ata un máximo diario por embarcación do citado censo de 2.000 quilos. Así mesmo estableceron o réxime de envío dos datos das capturas realizadas polos barcos galegos, con independencia da situación xeográfica do porto de descarga.

Tendo en conta que as cotas de xarda e xurelo para esta modalidade foron asignadas de xeito colectivo, por provincia, e non de xeito individual, e ca finalidade de realizar unha xestión adecuada destas posibilidades de pesca, a Federación Galega de Confrarías de Pescadores e OPAGA elaboraron un documento de compromiso que deberían firmar todos aqueles armadores da modalidade doutras artes distintas do arrastre e cerco que tivesen a intención de facer pesca dirixida a xarda no presente ano 2014.

Toda vez que unha parte dos armadores que habían manifestado a súa intención a realizar a pesca dirixida da xarda non firmaron o devandito documento de compromiso e ca finalidade de evitar un aproveitamento non homoxéneo das posibilidades de pesca da xarda no caladoiro Nacional do Cantábrico e Noroeste no presente ano 2014, e polo que se dita a presente circular, mediante a que se advirte que:



Recórdase a estrita necesidade de que tódalas embarcacións da modalidade doutros artes distintos do arrastre e cerco con porto base en Galicia que vaian a capturar xarda no caladoiro Nacional do Cantábrico e Noroeste deben respectar escrupulosamente os topes diarios de capturas establecidos pola Federación Galega de Confrarías de Pescadores, as Federacións Provinciais e OPAGA así como dar cumprimentación o establecido para a remisión dos datos de captura desta especie, con independencia da situación xeográfica do porto onde se realice o desembarco da xarda.

En caso de detectarse calquera incumprimento do subliñado no parágrafo anterior orixinará a solicitude inmediata do peche da pesqueira para os buques censados nesta modalidade con porto base en Galicia por parte desta Secretaría Xeral do Mar da Consellería do Medio Rural e do Mar a Secretaría General de Pesca de acordo co establecido n punto 4 do artigo 7 da Orde AAA/417/2014.

Santiago de Compostela, 21 de marzo de 214

O SECRETARIO XERAL DO MAR

Juan C. Maneiro Cadillo

